



INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO

22 de febreiro de 2017 ás 10:30 horas

Orde do día:

- 1) Lectura e aprobación da acta anterior
- 2) **Maior dotación de PT e AL nos centros. Prazas de atención preferente.**
- 3) **Proposta resolución sobre os centros de menos de tres unidades**
- 4) **Non adxudicacións de prazas de primeiro ciclo da ESO para o CXT**
- 5) **Prazas de aeromecánica no CIFP As Mercedes**
- 6) **Rogos e Preguntas**

Organizacións presentes: Anpe, CIG, CC OO, C-SIF, STEG e FETE-UGT.

1) Lectura e aprobación da acta anterior.

Lese e apróbase a acta da xuntanza anterior.

2) **Maior dotación de PT e AL nos centros. Prazas de atención preferente**

O STEG traslada, en relación ás problemáticas que foi recollendo, que os centros da periferia da cidade presentan porcentaxes de alumnado inmigrante que nalgúns casos superan o 50%, sen que iso se traduza en máis profesorado de PT ou de AL.

Dende a CIG faise notar que as direccións dos centros debe reclamar este tipo de prazas no momento de facelo en atención a estas cuestións e alude tamén á redución das ratios.

O STEG concorda e manifesta que, en todo caso, o das ratios é unha cuestión que tamén pode ser incorporada a esta problemática.

Maniféstase tamén que hai máis problemáticas que son susceptibles de seren tidas en conta e en todo caso, **acórdase de todos xeitos iniciar un texto** que vaia no senso de facer notar estas cuestións á Consellería, instándoa a tomar as medidas pertinentes (catálogos conforme a criterios técnicos e pedagóxicos máis ca numéricos etc...) e que cada organización vaia facendo as achegas ao respecto que xulgue oportunas.

No tocante ao alumnado de atención preferente, dende a Presidencia da Xunta de Persoal infórmase de que está chegando o terceiro trimestre e cómpre solicitar tratar esta cuestión coa Xefatura de Inspección, no camiño de regular e establecer o procedemento axeitado para este tipo de prazas (lémbrese que non se veñen sacando a concurso, senón que se viñan adxudicando por un proceso oficioso e que procede volver sobre esta cuestión).

ACÓRDASE SOLICITAR UNHA XUNTANZA POR ESTE MOTIVO.

Finalmente e ao fío deste tema, o STEG expón que cómpre demandar dende a Xunta de Persoal que a Xefatura Territorial se pronuncie dalgún xeito, ben de palabra ou por escrito sobre as cuestións demandadas no seu día: xuntanza para tratar a FP básica, as obras dalgúns centros en pleno curso escolar, as diferentes propostas de resolución presentadas dende o comezo de curso e agora as dúbidas que rodean a adxudicación das prazas de Aerodinámica no CIFP As Mercedes.

ACÓRDASDE que en caso de non avanzar neste senso, a Xunta de Persoal denunciará por escrito e cunha nota de prensa a pasividade da Xefatura Territorial no tocante a abordar estas cuestións.

3) Proposta resolución sobre os centros de menos de tres unidades

Á proposta de resolución de ANPE sobre os centros de menos de 3 unidades, acórdase trasladar a mesma proposta que se fixera o curso pasado (achegada polo STEG) para o recoñecemento a efectos de puntuación e de remuneración económica e de horario das persoas responsábeis deste tipo de centros, toda vez que a Consellería non se pronunciou sobre a demanda realizada no seu día.

O STEG informa que a Consellería non respondeu aos recursos de reposición presentados no seu día en colaboración coas persoas responsábeis deste tipo de centros, paso previo ao contencioso, que non consta que ninguén o levase adiante.

A Presidencia da Xunta de Persoal pregunta polo tema da mobilidade do profesorado que imparte no 1º ciclo da ESO, en relación ao CXT 2017.

A Inspectora Xefa informa que a intención é que o profesorado de 1º ciclo concurse e ver que prazas se poderían ofertar para garantir a súa mobilidade.

4) Non adxudicacións de prazas de primeiro ciclo da ESO para o CXT

Infórmase de que non se adxudicaron as prazas do 1º ciclo de ESO para o CXT 2017 e que isto impide garantir a mobilidade do profesorado que imparte no mesmo.

A Xefatura de Inspección alegou no seu momento que non había sitio para este tipo de prazas.

ACÓRDASE SOLICITAR UNHA REUNIÓN COA XEFATURA DE INSPECCIÓN PARA TRATAR ESTE TEMA.

5) Prazas de aeromecánica no CIFP As Mercedes

Infórmase das dúbidas legais e sombras que rodean o proceso de adxudicación destas prazas e do irregular funcionamento da listaxe.

ANPE fala de que se presentaron 108 persoas e só figuran na listaxe de substitucións da aplicación informática 18, entre outras cuestións.

ACÓRDASE SOLICITAR REUNIÓN COA XEFATURA DE INSPECCIÓN E COA XEFATURA TERRITORIAL PARA TRATAR ESTA CUESTIÓN E EN FUNCIÓN DAS EXPLICACIÓNS REALIZAR UN ESCRITO.

6) Rogos e Preguntas

UGT comenta o tema de protestar polas prazas que non saen a concurso.

ACÓRDASE AGARDAR Á RESOLUCIÓN PROVISIONAL E A PARTIRES DE AÍ ACTUAR NUN SENSO OU NOUTRO.

O STEG informa de certas irregularidades das que ten constancia no tocante á FP básica, como que haxa profesorado que imparte lingua estranxeira sen dispor da titulación requirida e axeitada ou da necesidade de que aquel profesorado substituto da FP básica para materias de marcado cariz práctico e instrumental, non dispoña de experiencia laboral previa e práctica acreditada que lle permita impartir a materia cun mínimo de garantías (persoas cunha licenciatura en Arquitectura imparten electromecánica e na práctica descoñecen o funcionamento básico do instrumental propio da materia). Isto pon de manifesto o desleixo da actual administración pola cuestión.

O STEG informa das I Xornadas de debate pedagóxico que terán lugar en Lugo o 17 e 18 de marzo e convida e achega tríticos das mesmas ás persoas representantes das diferentes organizacións sindicais, para que poidan participar das mesmas.

Sen máis temas que tratar, dase por concluída a xuntanza ás 11:40 horas.

Lugo, 22 de febreiro de 2017

